# #ORIENTAFUTURO

COLEXIO PLURILINGÜE
ABRENTE

4º ESO APLICADAS

# 4º ESO APLICADAS #ORIENTAFUTURO

- VOS FAGO ESTE PPOINT PARA EXPLICARVOS COMO AUTOORIENTARVOS.
- SUPOÑEMOS QUE ESTE CURSO OBTEREDES O GRADUADO, CON EL PODERÍADES ACCEDER AOS CICLOS MEDIOS DE FP, COMO XA SABEDES.

# 4º ESO APLICADAS #ORIENTAFUTURO

- É MOI SINXELO BUSCAR INFORMACIÓN DA FP EN GALICIA.

➢ ATENT@S Á CAPTURA DE PANTALLA!!!

# ENTRAMOS EN GOOGLE EN "FP XUNTA"



# UNHA VEZ ALÍ CLICAMOS EN “PORTADA/XUNTA DE GALICIA”



# AGORA CLICAMOS EN “VEN A FP”



# AGORA NA PESTANA DA ESQUERDA: "FOLLETOS INFORMATIVOS"



# FOLLETOS INFORMATIVOS

- Aí podedes seleccionar calquera dos folletos e mirar en cada unha das familias profesionais os CM (Ciclos Medios)…
- Na seguinte diapo fago unha captura dun exemplo de CICLO MEDIO coas materias que ten nos dous cursos académicos.
- Collerei por exemplo **Administración e Xestión.**

# UN EXEMPLO DE CICLO MEDIO…



CM Xestión administrativa

**Ciclo formativo de grao medio** — **Título LOE**

Perfil profesional — Duración: **2.000 horas**

**Que se aprende a facer?** Realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal. Atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas públicas e privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

**En que ámbitos se traballa?** En calquera tipo de empresa, independentemente do seu tamaño e do sector de actividade, nomeadamente no de servizos, así como nas administracións públicas, ofrecendo apoio administrativo nas tarefas de administración e xestión das referidas empresas e institucións, e prestándolle atención á clientela e á cidadanía.

**Que ocupacións se desempeñan?** Auxiliar administrativo/a, axudante de oficina, auxiliar administrativo/a de cobramentos e pagamentos, administrativo/a comercial, auxiliar administrativo/a de xestión de persoal, auxiliar administrativo/a das administracións públicas, recepcionista, empregado/a de atención á clientela, empregado/a de tesouraría e empregado/a de medios de pagamento.

**Cales son os módulos deste ciclo?** Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

| Curso | Código | Módulos profesionais | Horas |
|---|---|---|---|
| 1º | MP0449 | Formación e orientación laboral | 107 |
| 1º | MP0156 | **Inglés** | 160 |
| 1º | MP0438 | **Operacións administrativas da compravenda** | 133 |
| 1º | MP0448 | **Operacións auxiliares de xestión de tesouraría** | 160 |
| 1º | MP0441 | **Técnica contable** | 133 |
| 1º | MP0440 | **Tratamento informático da información** | 267 |
| 2º | MP0437 | **Comunicación empresarial e atención á clientela** | 123 |
| 2º | MP0439 | Empresa e administración | 123 |
| 2º | MP0446 | Empresa na aula | 156 |
| 2º | MP0451 | Formación en centros de traballo | 410 |
| 2º | MP0442 | **Operacións administrativas de recursos humanos** | 123 |
| 2º | MP0443 | **Tratamento da documentación contable** | 105 |

**Nota.** Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

**Que título se obtén?** Técnico en Xestión administrativa.

# ADMISIÓN EN FP

- FAISE A TRAVÉS DE INTERNET.
- O PRAZO E PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN ORDINARIA ÁBRESE EN XUÑO (aprox 25 de xuño).
- EN SETEMBRO EN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (aprox entre o 1 e o 9).
- **CONVÉN TER TODO APROBADO EN XUÑO PARA TER MÁIS POSIBILIDADES.**

# MATRÍCULA EN FP

- UNHA VEZ COMPROBADAS AS LISTAXES DE ADMITIDAS/OS COMEZARÁ O PERIODO DE MATRÍCULA PARA O QUE HAI QUE ESTAR PENDENTES: **Na última convocatoria foi do 21 ao 27 de xullo e en 2ª admisión entre o 29 e 31.**
- CONVÉN ESTAR MOI ATENTAS / OS.
- IREMOS INFORMANDO DAS NOVIDADES.

# NA PESTANA “ADMISIÓN A CM”




virtude do sexo menos representado no ciclo formativo en que se demande a praza. De persistir o empate, resolverase por sorteo público segundo a normativa. (Criterios de desempate)

## Solicitude vía web

A solicitude vía web realizarase para todos os réximes e graos, agás para o segundo curso do réxime ordinario.

Logo de realizada a solicitude web, a aplicación informática xera un impreso con instrucións individualizadas para cada solicitante. O impreso xerado pola aplicación informática indica a documentación que cómpre achegar. Esta documentación cos impresos xerados deberá ser entregada debidamente asinada e en prazo, en calquera centro de Galicia con oferta, sostida con fondos públicos, de ciclos formativos de formación profesional de grao medio ou de grao superior. Este documento será validado polo centro e unha das copias será selada e entregada á persoa solicitante. Sen estes requisitos, a solicitude carece de validez e non será tida en conta no proceso de admisión.

No caso de que o impreso xerado pola aplicación informática indique que se trata dun documento xa validado e que non é necesario entregalo nun centro, non será preciso máis trámite, pero o documento impreso deberase conservar como resgardo da solicitude de admisión.

- Instrucións sobre como realizar a solicitude web
- Vídeo de axuda para realizar a solicitude web
- A solicitude web realizarase usando o asistente informático na seguinte ligazón: Asistente informático (Solicitude web)
  (*Activo soamente durante os periodos de solicitude*)

Lembre que a normativa sempre prevalece sobre calquera outra información. Esta páxina contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente (acceso a normativa de admisión).

Etiquetas: Admisión ciclo de grao medio Admisión

Tema: Ven a FP

# ÁNIMO E SAÚDOS!!!

- Coidade o voso cerebro:
  - DURMIDE 8 HORAS.
  - ALIMENTADEVOS EQUILIBRADAMENTE.
  - FACEDE EXERCICIO FÍSICO.
  - PROCURADE FACER COUSAS ESTIMULANTES.
  - MANTEDE AS RELACIÓNS DE AMIZADE.
- https://youtu.be/3-18pPudCxM

# ÁNIMO E SAÚDOS!!!

- Para realizar a admisión contade coa miña colaboración se o precisades, xa o fixen algunha vez…

- Se necesitades calquera axuda da miña parte non vos cortedes en contactar comigo:

valdivia@colexioabrente.org

*PROMETO CONTESTAR TODO O RÁPIDAMENTE QUE PODA…*